



Normativa

- x O máximo de solicitudes que podes presentar é de **1 desiderata por persoa ao mes**. No caso de superar este número, só teremos en conta a primeira petición e poderemos anular as posteriores
- x Antes de formular unha suxestión de compra, recomendámosche que consultes o catálogo para comprobar se o título que vas solicitar xa forma parte da nosa colección ou da de outras bibliotecas da Rede
- x As persoas usuarias que eliminan da súa conta unha suxestión aceptada antes de recollela, non poderán facer novas solicitudes por un período de 3 meses

A recepción dunha desiderata non implica a obriga de adquirila por parte da biblioteca. A súa aceptación dependerá de factores como:

- x A adecuación á nosa política de adquisicións, que ten en conta criterios como a actualidade e vixencia dos contidos ou o interese xeral
- x A dispoñibilidade no mercado e a posibilidade de adquisición nas librarías compostelás coas que traballamos habitualmente
- x Que haxa dispoñibilidade orzamentaria

Non se admitirán como suxestións:

- x Documentos en preventa
- x Libros de texto
- x Enciclopedias
- x Coleccións (de banda deseñada, libros infantís...) ou calquera tipo de sagas literarias cando estean compostas de varios volumes e ningún deles forme parte previamente do noso fondo. Con todo, podes suxerir a incorporación de novas coleccións a través do correo electrónico comprasbps@xunta.gal e estudaremos a túa proposta
- x Revistas e xornais
Porén, podes suxerir a adquisición de novas publicacións periódicas a través do correo electrónico hemerotecabps@xunta.gal e estudaremos a túa proposta

Motivos principais de rexeitamento:

- x O título solicitado xa forma parte da nosa colección (na mesma ou noutras edicións sen cambios significativos)
- x O documento trata dun tema que xa está suficientemente representado na biblioteca
- x O título suxerido forma parte da colección doutra biblioteca da Rede e pode solicitarse por préstamo intrabibliotecario
- x O título xa se atopa en proceso de adquisición por parte da biblioteca
- x O título xa foi solicitado previamente por outra persoa usuaria
- x Denegouse unha suxestión de compra anterior da mesma obra
- x O título está esgotado ou descatalogado nas librarías
- x Os datos de identificación do exemplar están incompletos ou son erróneos